

PEZA DO MES

xaneiro

2006



**CAIXA PARA SELO
DE ÉPOCA ROMANA**



VISTA POSTERIOR DA CAIXA

CAIXA PARA SELO DE ÉPOCA ROMANA

A miúdo a arqueoloxía depáranos a presenza de determinados obxectos pertencentes a categoría de *instrumentum*, que por non ser habituais, aparecer incompletos ou ser descoñecida a súa funcionalidade, pasan desapercibidos tanto para bibliografía especializada como para a divulgación.

Tal é caso das caixas para selo, das que raramente aparecen referencias nas memorias das escavacións arqueolóxicas ou nos estudos sobre obxectos metálicos. Cando se atopan, dificilmente son interpretadas con tales, sendo mais ben consideradas como colgantes con calidades máxicas, medallóns ou obxectos relacionados coa xoiería e cos perfumes.

Desde o punto de vista estrutural, trátase de caixiñas xeralmente executadas en bronce, de pequenas dimensións (entre 2 ou 4 cm. de largo, por 1 ou 2 de ancho, e 0.6 ou 0.2 de alto). A forma, variada (circular, cadrada, forma de folla, etc), consta de dúas partes, unha inferior facendo de continente, e a superior a modo de tapadeira, decorada con motivos en releve ou esmaltes. Únense por medio dunha charneira e un pivote no extremo oposto que encaixa no pequeno remache

impedindo que se abra. Chama a atención, constituíndo un indicio da súa funcionalidade, a presenza de dúas fendeduras, diametral opostas, nas paredes laterais, e unha serie de tres ou catro orificios circulares na base.

Este exemplar, practicamente enteiro, procedente do asentamento romano de Río caldo (Lobios), presenta forma de corazón, co extremo ensanchado, estando a tapadeira decorada no centro cun círculo en releve, do que saen dúas liñas en forma de corazón. Conserva restos de pasta vítrea de color vermello e verde. Destas caixiñas, pouco usuais na Hispania romana, contamos en Ourense con outra peza procedente do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé.

Estes curiosos recipientes servían para protexer ós fráxiles selos persoais de cera, que garantían a inviolabilidade e segredo do material enviado. Despois de atar cun cordón as taboíñas encerradas, moi usadas na correspondencia privada, os rolos con escritura ou calquera outro paquete, os extremos da corda eran introducidos na caixa polas fendeduras laterais; a continuación, vertíase a cera sobre o nó e imprimíase sobre a cera o selo persoal, pechándose por medio da tapadeira. Fixábase o paquete postal pola cera que fluía polos orificios da base, que o mesmo tempo teñen a función de deixar entrar aire, asegurando un perfecto selado.

No tocante a súa cronoloxía, véñense situando a partir do século III d C., en consonancia coa que aporta esta de Río caldo, nun ambiente propicio dunha casa de campo, que tamén debeu de prestar servizo de índole público en relación coa posta romana, pois nesta zona os investigadores sitúan a *mansio Aquis Originis*.

Estes singulares obxectos, están relacionados cunha institución romana, da que non se sabe moito, o servizo postal, coñecido como *cursus publicus*, instituído por Augusto, e inspirado no correo persa e exipcio, aínda que adaptado as esixencias dun imperio inmenso como é o romano.

Dita institución augustea permitía a relación entre o goberno central e o periférico do imperio, converténdose non só nun servizo postal, senón



VISTA XERAL DO XACEMENTO DE RÍO CALDO

tamén nun verdadeiro servizo de información e dominación. Era realizado por xente moza, *iuvenes*, que tanto podían ser escravos, libertos ou libres, coa obriga tanto de entregar a correspondencia como a de informar o xefe de canto acontecía nas provincias. Existía un correo rápido, *cursus celer*, ou *velox*, para a correspondencia e transporte livián, realizado por mensaxeiros a cabalo ou con carretas lixeiras, e outro para entrega de paquetes e mercadorías, *cursus clabularis*, máis lento, que utilizaba carros pesados tiros por bois.

Para o correcto funcionamento, ademais do bo estado das estradas, eran necesarios acomodados lugares de parada, mansións, lugares de descanso nos que se podían refuxiar e pasar a noite, situados arredor dunha xornada de viaxe unha doutra. Entre cada mansión existían *mutationes*, lugares nos que era posible substituír os animais de carga ou tiro, e nos que se podía facer un tente en pé.

Non sabemos moito a cerca de como estaba estruturado o servizo postal. Nun principio, parece que a súa dirección foi asumida por Augusto, quen delegou nos *praefectus* do pretorio unha das funcións civís realizada polos personaxes pertencentes a categoría senatorial, encargada do seu funcionamento e control. Con Adriano, introductor de grandes cambios na administración do Imperio, o *cursus publicus* difúndese por todo o imperio e convertese nunha verdadeira administración do Estado, creando a figura do *Praefectus vehiculo-*

rum, encargado de vixiar todo servizo e o estado da conservación das estradas e mansións. Este posto, a pesar de pertencer a categoría de funcionarios modestos, cobraba arredor de 100.000 sestertercios anuais, vai ter unha gran influencia sobre a política imperial. O primeiro *praefectus vehiculorum* do que temos constancia chamábase *L. Baebius Iuncinus*, baixo o reinado de Adriano.

Con Septimio Severo será o fisco quen se encargue do servizo postal, correndo o seu mantemento a cargo dos funcionarios chamados *procurator annonae*, tamén pertencentes o orde senatorial.

Ó principio, este servizo estaba reservado a unha pequena elite pertencente a clase dirixente, que contaba para súa utilización cun diploma expedido e selado polo emperador ou por algún dos funcionarios nos que tiña delegado ese poder. Progresivamente, dito privilexio foi estendéndose a un sector máis amplo da poboación entre os que se incluían os militares, as súas mulleres e fillos, converténdose nun instrumento de difícil xestión, no que os abusos e enganados eran moi frecuentes, polo que foi preciso reformalo, para non castigar en exceso ós municipios e cidades que tiñan a obriga de soportar o custe deste servizo. Ben sabido é que tamén na época constantiniana a igrexa católica usara este servizo con motivo de diferentes eventos como concilios, sínodos, etc.

Tamén os mercadores e ricos comerciantes tiñan un servizo propio, que se servía da infraestrutura viaria e das mansións públicos, realizado por *tabellarii*, facilmente recoñecibles polos típicos sombreiros adaptados as inclemencias da viaxe.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



A conservación dun obxecto singular: a caixa para selo de Río Caldo.

X. Luis Méndez Fernández
restaurador de material arqueolóxico

A caixa para selo de correo postal de Baños de Río Caldo resulta unha peza peculiar pola súa categoría, forma e conservación. Aínda que o estado en que chegou non se pode considerar óptimo, si permite unha perfecta identificación e comprensión do obxecto, que fala do refinamento e exquisitez ós que se chegou na vida cotiá romana.

Constituída por dúas placas de bronce lanceoladas, están engarzadas nos seus extremos máis anchos por unha



CHARNEIRA CO PASADOR EN FERRO

charneira: un aro central da peza superior insírese entre dous aros da chapa inferior, atravesados por un pasador cilíndrico de ferro que actúa de eixo. A lámina superior decorouse imitando ós esmaltes: sobre a superficie plana de bronce, cun reborde perimetral, esténdese unha pasta vítrea vermella, en forma de corazón, rodeada de pasta verde; un fío de bronce en lixeiro relevo, sobre a pasta e no contorno, delimita os campos decorativos, completándose cun círculo sobre o corazón vermello. Este fío simula a técnica do esmalte tabicado, pero na nosa peza só ten unha función estética, sen separar as pastas de diferente cor e superpóndose ó metal e ó vidro.

A pasta vítrea pretende imitar ás pedras preciosas da ourivería, máis caras e inaccesibles: partíase dunha materia similar ó vidro, mestura de anhídrido silíceo, álcali terroso e carbonato de sodio ou potasio; podía incorporarse un óxido metálico, que lle aportara a cor desexada, ou engadilo logo. O conxunto fundíase entre os 1000-1300° C para obter un cristal calciosódico que, ó arrefriar, machucábase ata reducir a po moi fino; entón agregaban os colorantes: óxidos de ferro (para aportar a cor vermella) e de cobre (verde). Enriba da peza metálica coa forma e dimensións definitivas, exposta ó lume, aplicábase a pasta colorada, de xeito que o calor licúa os compostos e os adhira ó

soporte, coma soldados. Na nosa peza, sobre o vidro e o metal apoiouse o fío de bronce que delimita a decoración, soldándose por riba dos outros materiais. Unha vez frío, o conxunto adquire consistencia sólida.

O obxecto chegou ó laboratorio nun mal estado de conservación: incompleto, fracturado, envolto en papel de celulosa, de xeito que o contacto co elemento orgánico deteriorou o metal; e dentro dunha bolsa de celofán, provocando a exsudación dos materiais ó impedir a evaporación da humidade; todo isto debilitou os laterais da placa superior, separando e facendo saltar o borde metálico que delimita o esmalte.

A rotura e perda do extremo apuntado da placa inferior (por un dos tres orificios circulares de saída da cera) debeu se producir no intre de remoción da peza na escavación: no borde de fractura aparece o núcleo metálico, e a corrosión




RESTOS DE ADHESIVO NO BORDE DE FRACTURA

é moi recente, o que fai pensar que conservaríase parte ou a totalidade do anaco que falta, aínda que degradado. A tapadeira chegou fragmentada en dous anacos: o remate da punta rompeu pola inexistencia de núcleo metálico nesta zona, reducida a produtos de corrosión; observada a fractura baixo o binocular, evidénciase unha adhesión anterior con cola nitrocelulósica moi forte (Imedio Banda Azul) que, por sucesivas manipulacións, volveu partir, de xeito que o adhesivo, excesivamente ríxido, tirou, arrincando produtos de corrosión do fragmento pequeno e creando unha nova superficie de rotura.

Os principais responsables da degradación que sofre o obxecto, xunto á manipulación humana incorrecta dende a súa descuberta, son as súas características formais e as alteracións corrosivas inherentes ós metais enterrados: a debilidade estrutural de láminas de bronce tan delgadas aumenta ó desaparecer en zonas o núcleo metálico, convertido en produtos de corrosión. Sobre ese núcleo, por un prolongado enterramento en medio acedo e sometido a altas pluviometrías, creouse unha capa vermella de óxidos cuprosos (cuprita), composto intermedio na formación das seguintes fases de degradación: cloruros inestables (atacamita e paratacamita), de cor verde clara, e carbonatos (malaquita), pátina verde escura, estable e moi compacta,


rebentada en puntos por focos de cloruros (especialmente nos bordes da peza, onde é o único elemento metálico conservado, o que lle confire unha especial fraxilidade).



PASTA VÍTREA VERMELLA ANTES DO TRATAMENTO

A zona do pasador en ferro, especialmente delicada, xerou os seus característicos produtos de alteración, moi porosos, higroscópicos, deformantes e inestables, que aumentan o tamaño do obxecto: óxidos estables (hematita) de cor vermella sangue, que desenvolven as formas hidratadas seguintes; hidróxidos marróns (goetita) moi compactos e resistentes, e ocreos amarelados (limonita) en fino po, que rebentan a capa uniforme; e cloruros (molisita) gotas de cor marrón, moi higroscópicas. Esta corrosión alterou e deformou o mecanismo de apertura da caixa, ó bloquear o xogo da charneira.


Sobre o conxunto anterior depositárase moita terra, concrecionada con grans de areas (de cuarzo, etc.), nalgúns



PASTA VÍTREA VERDE ANTES DO TRATAMENTO

casos atrapados entre os produtos de alteración metálica, procedentes dun longo período de enterramento: parcialmente retirados polos arqueólogos no seu empeño en lograr unha determinación tipolóxica e cronolóxica para a peza, esta actividade provocou algúns dos mencionados problemas de conservación.

A intervención de restauración comezou cun minucioso exame baixo a lupa binocular, para detectar os diferentes materiais constitutivos e probar o seu comportamento ante



PASTA VÍTREA LOGO DO TRATAMENTO

os tratamentos. Realizouse daquela unha limpeza mecánica da terra e dos produtos de corrosión metálicos ata á súa pátina estable: para o ferro, tentouse liberar o pasador e recuperar o movemento da tapa, pero resultou imposible sen perder materia. Procedeu logo un desengraxado do obxecto por inmersión en hidrocarburo clorado, cun suave cepillado, e un secado a temperatura ambiente.

Ante a imposibilidade de retirar o elemento de ferro e tratar os dous metais independentemente, cumpriu primeiro estabilizar os produtos de corrosión dese material coa aplicación a pincel de acedo tánico ó 10% en auga desionizada quente, para transformar os óxidos e hidróxidos en taninos estables; a eliminación dos cloruros férricos requiriría un tratamento de inmersión prolongada en sulfito alcalino, irrealizable por estar as concrecións férricas totalmente soldadas ó bronce.

Logo de selar os cloruros de cobre con óxido de prata en cámara de humidade, inhibíronse os dous metais nunha disolución de benzotriazol ó 3% en alcohol, para estabilizar a superficie metálica, evitando futuras corrosións. E consolidouse o conxunto: como non se podía facer por separado, sobre o ferro aplicouse a pincel un metilmetacrilato, Paraloid B-48N mesturado ó 10% en tolueno; para o resto dos materiais utilizouse a inmersión, ó baleiro parcial, nun baño de etilmetacrilato (Paraloid B-72) disolto ó 10% en xileno, disolvente de evaporación máis lenta que o precedente, para que non arrastre o consolidante de ferro e este perda o seu efecto.

Tras da adhesión dos fragmentos baixo do binocular co mesmo Paraloid B-72, mesturado ó 60% en acetona, procedeuse á protección final con cera microcristalina Cosmoloid H-80, disolta ó 3% en White Spirit, estendida a pincel. Con isto, evítase o envellecemento do consolidante, de xeito que asegure a permanencia do obxecto para o seu coñecemento polas futuras xeracións.